

Concello de Mugardos
(A Coruña)

16/2021. ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO CONCELLO PLENO DE MUGARDOS O DÍA 27 DE OUTUBRO DE 2021.

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Concello de Mugardos, sendo as dezanove horas e trinta e tres minutos do día 27 de outubro do ano dous mil vinte e un, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a presidencia do alcalde-presidente D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, con asistencia das/dos concelleiras/os Dna. Ana María Varela Bastida, D. José Miguel Mahía Prados, Dna. Begoña Roldós Iglesias, D. Jorge Manuel Kuntz Peiteado, Dna. Maria del Pilar Diaz Otero, D. Iván Martínez González, Dna. María Dolores González Lorenzo, Dna. María Irene Toimil Fernández, Dna. Marta Ruiz del Ganso, D. Ignacio Fernández Fernández e D. Argemino Varela Filgueiras. Non asiste, con excusa, o concelleiro D. José Ángel Martínez Bardanca. Asiste tamén a interventora municipal Dna. Ana María Gómez Peña.

Actúa como secretario, o que o é da Corporación, D. David Veiga Sierra.

Aberta a sesión pola Presidencia, éntrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES REALIZADAS OS DÍAS 17.09.2021 (13/2021) E 29.09.2021 (14/2021).

1 min 17 s: Polo sr. Alcalde dáse lectura á denominación do presente punto da orde do día e sométese a votación, en primeiro lugar, a acta da sesión realizada o día 17 de setembro de 2021.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á acta da sesión que de seguido se relaciona:


- Acta da sesión extraordinaria realizada o día 17.09.2021 (13/2021).

1 min 39 s: Polo sr. Alcalde sométese a votación a acta da sesión realizada o día 29 de setembro de 2021.

E o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á acta da sesión que de seguido se relaciona:

- Acta da sesión ordinaria realizada o día 29.09.2021 (14/2021).





Concello de Mugardos
(A Coruña)

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº3-I DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.

1 min 55 s: Polo sr. Alcalde dáse lectura á denominación do presente punto da orde do día e de seguido dá a palabra ao concelleiro da área de facenda.

- EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

2 min 05 s: Polo sr. Mahía Prados infórmase sobre o ditame acadado na comisión informativa e de seguido fai un breve resumo da proposta que se trae a Pleno.

3 min 07 s: O sr. Alcalde pregunta se algún grupo quere intervir e de seguido dá a palabra a aqueles concelleiros/as que solicitaron intervir neste primeiro turno de intervencións.

- 1º TURNO DE INTERVENCIÓNS


3 min 45 s: O sr. Fernández Fernández sinala que neste asunto as súas propostas foron encamiñadas a favorecer aos veciños que fixeron unha aposta importante polo medioambiente, favorecendo coa súa actuación a diminución de emisións, así como tratar de impulsar a máis veciños a seguir ese mesmo camiño. Para rematar, di que dado que se aceptaron as súas propostas votarán a favor da ordenanza.

4 min 59 s: Polo sr. Alcalde pregúntase se algún grupo municipal quere solicitar a apertura dun segundo turno de intervencións e dado que ningún grupo municipal solicita a apertura deste segundo turno somete o asunto a votación.

Rematadas as intervencións, sométese a votación o asunto, e o Concello Pleno, tendo en conta a proposta formulada polo concelleiro delegado de facenda, persoal e participación cidadá en data 18.10.2021 e os informes emitidos pola intervención municipal, en data 18.10.2021, e polo secretario da corporación en data 18.10.2021, obrantes no expediente, así como o ditame da Comisión Informativa de Facenda, Persoal e Participación Cidadá realizada o día 21.10.2021, por 7 votos a favor (5 PP, 2 PSOE) e 5 abstencións (4 EU-SON EN COMÚN, 1 BNG), acorda:

1º.- Aprobar provisionalmente a modificación da vixente ordenanza fiscal nº 3-I, reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica, publicada no BOP da





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Coruña núm. 243, do 26.12.2017, segundo texto obrante na proposta formulada polo concelleiro delegado de facenda, persoal e participación cidadá en data 18.10.2021.

2º) Que se expoña ao público o expediente polo prazo de trinta días hábiles mediante anuncios no taboleiro de edictos do Concello e no BOP, prazo que comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello <http://mugardos.sedelectronica.gal>.

3º) Considerar, no caso de que non se presenten reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario, debendo facerse publicación íntegra do texto da modificación aprobada no BOP para a súa entrada en vigor, consonte co disposto no art. 17 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL DE TENZA E BENESTAR DOS ANIMAIS DE COMPAÑÍA.

5 min 22 s: Polo sr. Alcalde dáse lectura á denominación do presente punto da orde do día.

- EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

5 min 32 s: Polo sr. Mahía Prados infórmase sobre o ditame acadado na comisión informativa e de seguido fai un breve resumo da proposta que se trae a Pleno, facendo constar que cre que se trata dunha ordenanza punteira, que foi moi traballada tanto por parte do Partido Socialista como por parte do BNG, e que tamén se contou para a súa elaboración coa axuda da Asociación Indican.

7 min 14 s: O sr. Alcalde pregunta se algún grupo quere intervir e de seguido dá a palabra a aqueles concelleiros/as que solicitaron intervir neste primeiro turno de intervencións.

- 1º TURNO DE INTERVENCIÓNS

7 min 23 s: O sr. Varela Filgueiras manifesta o sentido do voto do seu grupo no presente punto da orde do día, que sería favorable á aprobación do mesmo, e sinala que aínda que non se lles admitiron tódalas emendas presentadas entenden que é necesario ter unha ordenanza de benestar animal e aplicala.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

7 min 58 s: O sr. Alcalde intervén para darlle a palabra ao sr. Fernández Fernández.

8 min 03 s: O sr. Fernández Fernández di que na elaboración desta ordenanza trataron de que a mesma fose puramente local e que fose doada e lexible para os veciños. De seguido di que o seu grupo fixo unha serie de aportacións que foron recollidas na ordenanza e que ademais pediron que se fixese unha revisión do texto da mesma para non incorrer en contradicións coa Lei de Benestar Animal que estaba a realizar o goberno central. Para rematar, o sr. Fernández Fernández di que unha vez verificado que non incorría a mesma en ningunha contradición coa Lei de Benestar Animal votaron a favor da mesma na comisión informativa e votarán tamén a favor na presente sesión plenaria.

9 min 35 s: Polo sr. Alcalde pregúntase se algún grupo municipal quere solicitar a apertura dun segundo turno de intervencións e dado que ningún grupo municipal solicita a apertura deste segundo turno somete o asunto a votación.


Rematadas as intervencións, sométese a votación o asunto, e o Concello Pleno, tendo en conta a proposta formulada polo concelleiro delegado de facenda, persoal e participación cidadá en data 04.10.2021 e o informe emitido polo secretario da corporación en data 29.09.2021, obrante no expediente, así como o ditame da Comisión Informativa de Facenda, Persoal e Participación Cidadá realizada o día 21.10.2021, por 8 votos a favor (5 PP, 2 PSOE, 1 BNG) e 4 abstencións (4 EU-SON EN COMÚN), acorda:

1º.- Aprobar inicialmente a ordenanza municipal de tenza e benestar dos animais de compañía, segundo texto obrante no “ANTEPROXECTO ORDENANZA MUNICIPAL DE TENZA E BENESTAR DOS ANIMAIS DE COMPAÑÍA”.

2º.- Que se expoña ao público o expediente polo prazo de trinta días hábiles mediante anuncios no taboleiro de edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, prazo que comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP, para que os interesados poidan presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas. Simultaneamente, publicarase no portal web do Concello [<http://mugardos.sedelectronica.gal>] co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades.

3º.- Considerar, no caso de que non se presenten reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario, debendo facerse publicación íntegra do texto da modificación aprobada no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, tal e como dispón o artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril,





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Reguladora das Bases do Réxime Local. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [<http://mugardos.sedelectronica.gal>].

4º.- Derrogar a actual Ordenanza municipal do Concello de Mugardos sobre a protección e tenza de animais de compañía e de animais potencialmente perigosos, publicada no BOP da Coruña núm. 184, do 26.09.2014. Derrogación que non entrará en vigor ata que entre en vigor a respectiva Ordenanza municipal de tenza e benestar dos animais de compañía.

4.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA NÚMS. 2021-0986, 2021-0990 E 2021-1079.

9 min 54 s: Polo sr. Alcalde dáse conta das resolucións número 2021-0986, 2021-0990 e 2021-1079.

O Pleno da Corporación dáse por informado das resolucións da alcaldía que de seguido se relacionan:

▪ **Resolución da alcaldía núm. 2021-0986, de 27.09.2021,** sobre “AVOCACIÓN DAS COMPETENCIAS DELEGADAS NO COCELLEIRO DE OBRAS, SERVIZOS E MEDIOAMBIENTE DURANTE O PERÍODO DE AUSENCIA NO TERMO MUNICIPAL (DO 27 AO 6 DE OUTUBRO DE 2021, AMBOS INCLUÍDOS)”.

▪ **Resolución da alcaldía núm. 2021-0990, de 28.09.2021,** sobre “AVOCACIÓN DE COMPETENCIA POLA ALCALDÍA PARA A APROBACIÓN PLAN SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS DE PISTA DE PUMPTRACK EN O BAÑO T.M. DE MUGARDOS, AO ABEIRO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA NÚM. 94/2019. EXPTE. 349/2021.

▪ **Resolución da alcaldía núm. 2021-1079, de 20.10.2021,** sobre DELEGACIÓN DE FUNCIÓNS DA ALCALDÍA NA 1ª TENENTE DE ALCALDE O 22 DE OUTUBRO DE 2021.

5.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E POLAS/OS CONCELLEIRAS/OS DELEGADAS/OS DENDE O ANTERIOR PLENO ORDINARIO: RESOLUCIÓNS QUE VAN DENDE A NÚM. 2021-0976 Á 2021-1080, AMBAS INCLUSIVE.

10 min 09 s: Polo sr. Alcalde dáse conta das resolucións ditadas pola Alcaldía e polas/os concelleiras/os delegadas/os dende o anterior Pleno Ordinario, resolucións que van dende a número 2021-0976 á 2021-1080, ambas inclusive.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

O Pleno da Corporación dáse por informado das resolucións núms. 2021-0976 á 2021-1080, ambas as dúas inclusive, ditadas pola alcaldía e polas/os concelleiras/os delegadas/os, dende o anterior pleno ordinario.

DECLARACIÓN DE URXENCIA:

10 min 24 s: Polo sr. Alcalde infórmase que se queren incluír dous asuntos pola vía da urxencia, e de seguido dálle a palabra á sra. Ruiz del Ganso.

A.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSOE INSTANDO A SOLICITAR UNHA REUNION CO CONSELLEIRO DE SANIDADE PARA TRATAR A SITUACIÓN DA ATENCIÓN PRIMARIA NO CONCELLO DE MUGARDOS.

11 min 38 s: Pola sra. Ruiz del Ganso xustifícase a urxencia de incluír o presente punto na orde do día.

12 min 37 s: Polo sr. Alcalde, logo da xustificación efectuada pola sra. Ruiz del Ganso, sométese a votación a inclusión, pola vía da urxencia, do citado asunto.


Logo de efectuar a exposición dos motivos que xustifican a votación da urxencia do asunto citado, o Pleno da Corporación, **ACORDA:**

Por unanimidade e, polo tanto, co quorum esixido no artigo 57.2 do Regulamento Orgánico Municipal, declarar de urxencia o asunto: “**MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSOE INSTANDO A SOLICITAR UNHA REUNION CO CONSELLEIRO DE SANIDADE PARA TRATAR A SITUACIÓN DA ATENCIÓN PRIMARIA NO CONCELLO DE MUGARDOS**” incluído na orde do día, e tratalo antes de rogos e preguntas, como punto núm. 6.

12 min 57 s: O sr. Alcalde intervéñ para darlle a palabra ao sr. Varela Filgueiras.

B.- MOCIÓN PRESENTADA POLA PLATAFORMA SOS SANIDADE PÚBLICA DE GALICIA, QUE FAI SÚA O GRUPO MUNICIPAL DO BNG, RELATIVA A UN POSICIONAMENTO PÚBLICO DO CONCELLO DE APOIO Á MANIFESTACIÓN CONVOCADA PARA O





Concello de Mugardos
(A Coruña)

DOMINGO 14 DE NOVEMBRO, AS 12 H., EN SANTIAGO DE COMPOSTELA, BAIXO O LEMA : “SALVEMOS A ATENCIÓN PRIMARIA”.

13 min 04 s: Polo sr. Varela Filgueiras xustifícase a urxencia de incluír o presente punto na orde do día.

13 min 57 s: Polo sr. Alcalde, logo da xustificación efectuada polo sr. Varela Filgueiras, sométese a votación a inclusión, pola vía da urxencia, do citado asunto.

Logo de efectuar a exposición dos motivos que xustifican a votación da urxencia do asunto citado, o Pleno da Corporación, **ACORDA:**

Por 7 votos a favor (4 EU-SON EN COMÚN, 2 PSOE, 1 BNG) e 5 abstencións (5 PP) e, polo tanto, co quorum esixido no artigo 57.2 do Regulamento Orgánico Municipal, declarar de urxencia o asunto: “**MOCIÓN PRESENTADA POLA PLATAFORMA SOS SANIDADE PÚBLICA DE GALICIA, QUE FAI SÚA O GRUPO MUNICIPAL DO BNG, RELATIVA A UN POSICIONAMENTO PÚBLICO DO CONCELLO DE APOIO Á MANIFESTACIÓN CONVOCADA PARA O DOMINGO 14 DE NOVEMBRO, AS 12 H., EN SANTIAGO DE COMPOSTELA, BAIXO O LEMA : “SALVEMOS A ATENCIÓN PRIMARIA”**” incluído na orde do día, e tratalo antes de rogos e preguntas, como punto núm. 7.

6.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSOE INSTANDO A SOLICITAR UNHA REUNION CO CONSELLEIRO DE SANIDADE PARA TRATAR A SITUACIÓN DA ATENCIÓN PRIMARIA NO CONCELLO DE MUGARDOS.

15 min 21 s: O sr. Alcalde intervéñ para darlle a palabra á relatora da moción.

- EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

15 min 28 s: Pola sra. Ruiz del Ganso faise unha exposición dos motivos que deron orixe á presentación da moción; moción na que se insta ao Goberno Local a que se solicite unha reunión urxente co Conselleiro de Sanidade da Xunta de Galicia para concretar as medidas demandadas e reivindicadas polos veciños e veciñas de Mugardos.

16 min 59 s: O sr. Alcalde pregunta se algún grupo quere intervir e de seguido dá a palabra a aqueles concelleiros/as que solicitaron intervir neste primeiro turno de intervencións.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

- 1º TURNO DE INTERVENCIÓNS

17 min 12 s: O sr. Mahía Prados di que eles non se van a mover da folla de ruta de esixir para Mugardos o que lle corresponde e que polo tanto votarán a favor da moción, posicionándose a favor de solicitar unha reunión co Conselleiro de Sanidade para que analicen dende o SERGAS a situación que se está a padecer no Concello de Mugardos.

18 min 02 s: Polo sr. Alcalde pregúntase se algún grupo municipal quere solicitar a apertura dun segundo turno de intervencións, dando de seguido a palabra a aqueles concelleiros/as que solicitaron intervir no segundo turno de intervencións.

- 2º TURNO DE INTERVENCIÓNS

18 min 15 s: A sra. González Lorenzo manifesta o sentido do voto do seu grupo no presente punto da orde do día, que sería favorable á aprobación do mesmo, facendo constar que comparten tódolos puntos da moción. De seguido sinala que quere aproveitar para facer xa a intervención que tería que facer no seguinte punto da orde do día, indicando que comparten tamén as reivindicacións da Plataforma SOS Sanidade Pública e que polo tanto tamén votarán a favor da aprobación desa moción.

19 min 20 s: Polo sr. Alcalde, unha vez rematadas as intervencións, sométese o asunto a votación.

Rematadas as intervencións, sométese a votación a moción presentada polo Grupo Municipal do PSOE na que se instaba a solicitar unha reunión co Conselleiro de Sanidade para tratar a situación da atención primaria no Concello de Mugardos, e o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á moción e, en consecuencia, adoptar o seguinte acordo:

1.- Instar ao goberno local a solicitar unha reunión urxente con Julio Rodríguez Comesaña, Conselleiro de Sanidade da Xunta de Galicia, para concretar as medidas reclamadas.

7.- MOCIÓN PRESENTADA POLA PLATAFORMA SOS SANIDADE PÚBLICA DE GALICIA, QUE FAI SÚA O GRUPO MUNICIPAL DO BNG, RELATIVA A UN POSICIONAMENTO PÚBLICO DO CONCELLO DE APOIO Á MANIFESTACIÓN CONVOCADA PARA O DOMINGO 14 DE NOVEMBRO, AS 12 H., EN SANTIAGO DE





Concello de Mugarodos
(A Coruña)

COMPOSTELA, BAIXO O LEMA : “SALVEMOS A ATENCIÓN PRIMARIA”.

19 min 35 s: O sr. Alcalde intervén para darlle a palabra ao relator da moción.

- EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

19 min 39 s: Polo sr. Varela Filgueiras faise unha exposición dos motivos que deron orixe á presentación da moción, na que se solicita do Concello de Mugarodos un posicionamento público de apoio á manifestación que vai a ter lugar o 14 de novembro, ás 12 da mañan, en Santiago, baixo o lema “Salvemos a atención primaria”, así como, se é posible, que o Concello articule dalgunha maneira o poder poñer a disposición da cidadanía que queira acudir a esa manifestación autobuses de forma gratuíta.

21 min 47 s: O sr. Alcalde pregunta se algún grupo quere intervir e de seguido dá a palabra a aqueles concelleiros/as que solicitaron intervir neste primeiro turno de intervencións.

- 1º TURNO DE INTERVENCIÓNS

21 min 57 s: O sr. Fernández Fernández manifesta o posicionamento do seu grupo a favor de tódolos puntos aos que se refire a moción, agás que non pide o apoio deste consistorio á mesma e o seu traslado a quen lle competa a materia para a mellora desta situación, senón que o que pide é a utilización de recursos do Concello, tanto económicos como administrativos, para poñer autobuses gratuítos para asistir a unha manifestación, que apoiamos pero non empregando recursos do Concello, así como xestionar a través da web institucional do Concello o uso gratuíto dos autobuses, as solicitudes de prazas e demais. Para rematar sinala que o seu grupo se absterá na presente moción.


25 min 51 s: Polo sr. Alcalde pregúntase se algún grupo municipal quere solicitar a apertura dun segundo turno de intervencións, dando de seguido a palabra a aqueles concelleiros/as que solicitaron intervir neste segundo turno de intervencións.

- 2º TURNO DE INTERVENCIÓNS

26 min 02 s: O sr. Varela Filgueiras di que aínda que a moción non é súa non terían ningún problema en retirar o dos autobuses para que saíse aprobada, e lles valería simplemente cunha declaración de apoio á manifestación.

26 min 35 s: O sr. Alcalde intervén para darlle a palabra ao sr. Mahía Prados.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

26 min 38 s: O sr. Mahía Prados manifesta que ían a votar en contra da moción porque si se financiaban esas viaxes se trataría dunha subvención encuberta, pero que si se retira esa parte da moción poderían votar favorablemente a mesma porque están a favor das reivindicacións que se recollen na moción.

27 min 39 s: Polo sr. Alcalde indícase que hai un proposta de retirada dunha parte do acordo.

27 min 52 s: O sr. Varela Filgueras dá lectura aos termos nos que quedaría o acordo a adoptar.

28 min 28 s: O sr. Alcalde, e dado que os grupos teñen claro cal é a proposta definitiva, somete o asunto a votación.

Rematadas as intervencións, sométese a votación a moción presentada pola Plataforma SOS Sanidade Pública de Galicia, que fai súa o Grupo Municipal do BNG, relativa a un posicionamento público do Concello de apoio á manifestación convocada para o Domingo 14 de novembro, ás 12 h., en Santiago de Compostela, baixo o lema “Salvemos a atención primaria”, coa emenda á mesma introducida durante o debate, no sentido de retirar do acordo proposto o referente á posta a disposición dos cidadáns de autobuses gratuítos, e o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á moción e, en consecuencia, adoptar o seguinte acordo:

1.- Manifestar o posicionamento público do Concello de Mugardos, de apoio á manifestación convocada para o Domingo 14 de novembro, ás 12 h., en Santiago de Compostela, baixo o lema “Salvemos a atención primaria”.

8.- ROGOS E PREGUNTAS.

28 min 40 s: Polo sr. Alcalde dáse comezo á quenda de rogos e preguntas; quenda que dará comezo coas preguntas formuladas pola sra. Ruiz del Ganso.

28 min 57 s: Pola sra. Ruiz del Ganso fórmulanse dúas preguntas de resposta oral a primeira delas relativa a cando se ten previsto que se concedan as axudas de educación e transporte deste ano e a segunda relativa a como se atopa o tema da certificación da obra do pavillón do Cristo e para cando se ten previsto poder usar ditas instalacións na súa totalidade.

30 min 01 s: O sr. Alcalde intervén para darlle a palabra ao sr. Mahía Prados.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

30 min 07 s: O sr. Mahía Prados, en resposta á pregunta sobre as axudas de educación, di que o día 28 de outubro se levará a cabo a comisión de baremación e despois se someterá a exposición pública a resolución provisional, e que se non se presentasen alegación pasados eses días se fará o pagamento das axudas.

30 min 49 s: O sr. Kuntz Peiteado, en resposta á pregunta sobre o pavillón municipal, explica os motivos polos que non se puido aínda recepcionar a obra, e sinala que neste momento se está a comprobar si se subsanaron as deficiencias que presentaba e que en caso de que así sexa procederase a solicitar a recepción das obras á maior brevidade posible.

31 min 42 s: O sr. Alcalde intervén para darlle a palabra ao sr. Fernández Fernández.

31 min 47 s: Polo sr. Fernández Fernández fórmulanse dúas preguntas de resposta oral, a primeira delas relativa á reparación da pasarela de madeira na ponte de O Seixo e no camiño real en A Redonda e aos prazos estimados para o seu arranxo, e a segunda relativa ao estado no que se atopan ás negociacións coas asociacións, en relación aos importes a percibir durante o ano 2021, e cando se ten previsto abonar as contías correspondentes.

33 min 00 s: O sr. Kuntz Peiteado, en resposta á pregunta sobre o arranxo da pasarela de madeira na ponte de O Seixo e no camiño real en A Redonda, di que se pediron varios orzamentos pero que o problema é que hai escasez de materiais de obra e non se poden pechar uns orzamentos cunha contía fixa.

33 min 48 s: O sr. Mahía Prados, en resposta á pregunta sobre os importes a abonar as asociacións, di que unha vez realizados os cambios oportunos na modificación de crédito estan traballando nun borrador para levalo á vindeira comisión de facenda e se procede convocar un pleno extraordinario para axilizar o trámite; polo que sinala que se poderían cobrar antes de fin de ano.

34 min 52 s: O sr. Alcalde intervén para darlle a palabra ao sr. Fernández Fernández, aos efectos de que por este se formulen os rogos que se estime oportunos.

35 min 12 s: O sr. Fernández Fernández roga que se convoque aos voceiros dos grupos municipais para dar conta das negociacións mantidas con Reganosa en relación co pagamento do IAE; negociacións que poderían vir de anos atrás á vista dos acordos acadados con anterioridade para o financiamento para converter o Cine Zárate en biblioteca así como os 60.000 euros para cultura. E remata dicindo que é necesario que se lle dea transparencia a un asunto tan importante para o futuro do pobo, que toda a corporación se comprometa e que se tomen as medidas necesarias para evitar que o noso pobo sofra ese agravio irreparable.






Concello de Mugardos
(A Coruña)

37 min 35 s: O sr. Alcalde di que el non tivo varias reunións oficiais con Reganosa e que o que fixo foi trasladarlles en varias ocasións que o Concello tiña un protocolo para o investimento no Cine Zárate e que o que fixo, xa que a corporación non aprobara de xeito maioritario o uso como biblioteca e dado que o proxecto que se trouxo ás comisións pertinentes era para darlle un uso polivalente, foi transmitir o sentir da corporación de que querían transformar o Zárate conforme ao proxecto que se presentara na comisión, polo que cre que non faltou transparencia, e que ademais con base nese compromiso que tiñan con este Concello pois querían darlle formalidade a ese acordo. De seguido, o sr. Alcalde remarca que el non negociou nada con Reganosa excepto trasladarlle esa necesidade de transformar o Zárate e darlle un uso para os veciños. A continuación, o sr. Alcalde di que Reganosa presentou recursos contra o IAE que se foron resolvendo en base aos informes técnicos, e que contra estas resolucións Reganosa decidiu presentar un contencioso-administrativo para reclamar dez anos de IAE; IAE sobre o que non se negociou nada con Reganosa porque no IAE non se pode negociar nada, e salvo que un xuíz diga que hai que pagar o Concello non vai a pagar. De seguido, o sr. Alcalde di que non ten ningún inconvinte en reunir aos voceiros ou facer un Pleno Extraordinario onde os grupos definan as súas posicións. A continuación, o sr. Alcalde di que no presente caso hai dúas cuestións, por unha banda o pagamento do IAE e por outra banda a colaboración da empresa co Concello, tal e como viña facendo nos derradeiros anos, e que os compromisos non son cos gobernos senón coas corporacións, e cren que o Consello de Administración de Reganosa comprométese con este Concello non con persoas concretas., E para rematar, o sr. Alcalde di que o seu grupo está para defender sempre Mugardos e sempre estarán do lado de Mugardos.

43 min 12 s: O sr. Mahía Prados di que de tódalas resolucións que se asinan dáse conta no Pleno seguinte, e que considerando a lexislación vixente e amparado polos informes técnicos desestimáronse tódolos recursos que presentaron solicitando a devolución de ingresos indebidos, cousa á que, por outra banda, cre que non teñen dereito e que non procede. De seguido di que tódolos gobernos intentaron que Reganosa deixase unha pegada cultural, deportiva e de investimentos no Concello e que descoñece cales son as cinco vías de negociación que intentou Reganosa dado que a el non lle chegou nada máis que unha denuncia do Xulgado, e que polo de agora non hai ningún fallo de ningún Xulgado e que o único que hai é un recurso dun Tribunal que non ten competencia no xurisdiccional, que é o Tribunal Económico Administrativo. Xa para rematar, o sr. Mahía Prados di que este tema se levou a unha Xunta de Voceiros na que se acordou convocar un Pleno Extraordinario e que é un tema no que todos deben dar a cara e non poñerse de perfil, porque tódolos concelleiros teñen que velar polos intereses dos veciños.

E non habendo máis asuntos que tratar o Sr. Alcalde deu por rematada a sesión ás vinte horas e dezanove minutos do día ao comezo sinalado, estendéndose a presente





Concello de Mugarodos
(A Coruña)

acta para constancia do acordado, e que asina o sr. Alcalde e da que eu, como Secretario Xeral do Pleno Municipal, dou fe; facéndose constar que as intervencións producidas durante a celebración da sesión quedaron recollidas nun documento (audio-acta) que forma parte da acta, no que á transcripción das intervencións se refire, e que se atopa custodiado no sistema informático do Concello de Mugarodos, puidendo accederse ao mesmo a través da seguinte dirección de internet:

<http://actasesionesdigital.smartis.es/mugarodos/visor.aspx?id=35>

Correspondendo ao seu contido o seguinte código de integridade (SHA-256):
75a9c15bb5f10cf1267aef898879d38dabc661ae7b77ad7e8d7a25e98b0bbfbc

Vº e praxe
O ALCALDE

